



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 20 DE XUÑO DO 2011.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de xuño do dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Anxo Collarte Pérez. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 15 de xuño do dous mil once (Constitutiva).

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS.-

“Visto o escrito de Don José Luis Rivera González, onde solicita Licenza para a reforma e ampliación dunha adega para vivenda unifamiliar, segundo Proxecto Básico e de Execución que se presenta.

Visto o informe da Arquitecto Municipal de data 10 de maio de 2011 no que se fan as seguintes consideracións:

“Infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada, debéndose colocar toda a carpintería exterior en madeira pintada”.

“Antes do Inicio das Obras deberá presentarse os correspondentes Oficios de Designación do técnico director da Execución Material das Obras e do técnico coordinador en Materia de Seguridade e Saúde”.

Visto o Informe Xurídico de data 17-06-2011 no que se fan as seguintes consideracións:



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no correspondente informe técnico”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licenza para a reforma e ampliación dunha adega para vivienda unifamiliar a Don **José Luis Rivera González**, que deberá aboar polo concepto de Instalacións, Construcións e Obras o importe de 2.080,56 € .

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, ou no caso concreto licenza de apertura e entrada en funcionamento, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: reforma e ampliación dunha adega para vivenda unifamiliar.

Contía na que se orzan as obras: 80.021,66 €.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Freás nº 11, San Cristovo.

Redactor do proxecto e dirección execución material das obras: Don José Benito Dávila Fuertes.

Nome ou razón social do promotor: Don Jose Luis Rivera Gonzalez.

Prazos: O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de apertura provisional.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 80.021,66 €, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por importe de 2.080,56 € a ingresar.

Importe execución material / coste da obra:	80.021,66 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	2.080,56 €
Aboado por autoliquidación:	
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	2.080,56 €

Outras condicións:

- As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente.
- Debéndose colocar toda a carpintería exterior en madeira pintada.
- Antes do Inicio das Obras deberá presentarse os correspondentes Oficinos de Designación do técnico director da Execución Material das Obras e do técnico coordinador en Materia de Seguridade e Saúde.
- Deberán cumprirse as seguintes condicións do informe técnico de data 10 de maio do 2011:

Normas de Volume:

- Condicións de posición. Alineacións: As que se fixan. Edificación entre medianerías.

No Proxecto mantense a alineación existente, que coincide coa fixada na planimetría.

A edificación mantén a separación actual no seu linde dereito, xa que a edificación colindante presenta ocos nesa parede lateral.

- Condicións de parcelación: A que de lugar a unha vivenda que cumpra a lexislación de habitabilidade que lle é de aplicación.

No Proxecto mantense a parcela existente, cumpríndose as condicións da normativa de habitabilidade.

- Condicións estéticas:



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Voos: ... Admitiranse, en obras de nova edificación, as galerías acristaladas, así mesmo, cun voo máximo de 50 cm.

Na fachada posterior da edificación, cara á parcela, proxéctase un voo en galería de 50 cm.

Materiais de fachadas: As fachadas serán de pedra de granito, de acordo co executado ata o momento.

A edificación que se proxecta presenta revestimento exterior de fachadas con entaboado de madeira, material utilizado tradicionalmente nos acabados de fachada.

Cornixas: Será obrigatoria a execución de cornixas nos aleiros dos tellados, o seu voo máximo non poderá exceder de 30 cm.

Os aleiros que se proxectan presentan un voo menor ó máximo permitido.

Cubertas: As cubertas serán inclinadas, sendo o material de cubrición tella cerámica curva. A pendente máxima será do 45% partindo da liña de cornixa, debendo ser uniforme. Quedan prohibidos os crebos nos faldóns.

A cuberta proxectada presenta faldóns a dúas augas de tella curva, cunha pendente de 10° (22%).

Carpintería exterior: Utilizarase madeira ou aluminio lacado en cores similares ós existentes na actualidade. No contorno máis inmediato á Igrexa soamente se admite carpintería de madeira.

Nas fachadas principal e lateral proxéctase carpintería de madeira de iroko pintada; na fachada posterior, cara á parcela, carpintería de aluminio lacado.

Estarase ó disposto no Informe Previo da Comisión de Seguimento, polo que toda a carpintería exterior deberá ser de madeira pintada.

- Condicións de edificación:

A altura de cornixa e o número de plantas máximas admitidas no núcleo será de dúas plantas como máximo, (B+1), determinada sobre o fronte da mazá ou praza na que esté encravado o soar. O fondo máximo edificable será de 15 m., medido perpendicularmente dende a rúa.

A edificación que se proxecta presenta, cara á rúa, planta baixa e unha planta alta, cunha altura de 4,35 m”.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Don Manuel De Prado Gonzalez con data RE 14 de xuño do 2011 RE N^a 3055, relativo a reclamacion de pago dos seguintes procedementos:
 - “Contencioso-administrativo P.O. n.º. 5266/2002: Sección 2^a Sala Contencioso-Administrativo T.S.J. de Galicia.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

- *Contencioso-administrativo P.O. nº 4541/2002: Sección 2ª Sala Contencioso-Administrativo T.S.J. de Galicia*

Con advertencia de presentación de querrela criminal por impago de débedas.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos asistentes realizar as actuacións necesarias para o pago da débeda, remitindo o departamento de intervención o expediente para o estudo das posibilidades de proceder ao pago.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.-

“Visto o expediente a nome de **Dona Ruth Álvarez-Valeiras Garcia en representación de VALEIRAS – DOS, S.L.**, con domicilio na Praza Maior nº 5, 1º, relativo á subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na Praza Maior nº 6 / Rúa Merelles Caula nº 1, 2º e BC, desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.600,00 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

1.-“Visto o escrito presentado por **Dona Rosa Maria García Montero**, con domicilio en Rúa Rodríguez de la Fuente nº 1, 3º C, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

2.- “Visto o escrito presentado por **Don Antonio Meiriño González**, con domicilio na Rúa do Ribeiro nº 1, baixo esq, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que sera supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fara aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficara nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal de taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamen que se lle comunique este acordo a empresa concesionaria do servizo”.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

3.- “Visto o escrito presentado por **Empresa Montañesa, S.L.**, con domicilio no Polígono Industrial de A Uceira, parcela C-2, Carballiño, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga na Rúa Irmans Alvarez Araujo nº 12, baixo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que sera supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fara aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficara nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal de taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamen que se lle comunique este acordo a empresa concesionaria do servizo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 Ourense con data RE 14 de xuño do 2011 RE Nº 3050, relativo a “*ordenar la ejecucion forzosa de la sentencia firme de fecha 5 de noviembre de 2010*” con advertencia de imposición de multas e posibilidade de deducir testimonio de particular para esixir a responsabilidade penal que puidera corresponder.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos asistentes realizar as actuacións necesarias para o pago da débeda, remitindo o departamento de intervención o expediente para o estudo das posibilidades de proceder ao pago.

2. Comunicación do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 Ourense con data RE 14 de xuño do 2011 RE Nº 3051, relativo a execucion forzosa de pago de sentenza firme nº 89/2010, con advertencia de imposición de multas e posibilidade de deducir testimonio de particular para esixir a responsabilidade penal que puidera corresponder.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos asistentes realizar as actuacións necesarias para o pago da débeda, remitindo o departamento de intervención o expediente para o estudo das posibilidades de proceder ao pago.

3. Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Mariño, Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 14 de xuño do 2011 RE Nº 3059, relativo a “*Expediente de inscripción en el registro de aguas de un aprovechamiento de aguas captadas mediante un pozo denominado “Carballal”, sito en Ventosela, término municipal de Ribadavia (Ourense)*”.
4. Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Mariño, Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 14 de xuño do 2011 RE Nº 3054, relativo a “*Expediente de autorización para la construcción de un campo de hierba artificial en el campo de Fútbol de O Xestal, ubicado en zona de policía de*



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

la margen derecha del rio Avia, en O Xestal-Ribadavia, término municipal de Ribadavia (Ourense)”.

5. Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Mariño, Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 15 de xuño do 2011 RE N° 3087, relativo a comunicación petición de informe.
6. Comunicación da Conselleria de Medio Rural, Xefatura Territorial con data RE 14 xuño do 2011 RE N° 3056, relativo a “Remisión de comunicación da inscrición do Establecemento Veterinario “CLINICA VETERINARIA VILO” no Rexistro de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia.
7. Comunicación do Ministerio de Trabajo e Inmigración con data RE 15 de xuño de 2011 RE N° 3089, relativo a regularización da situación do pago das obrigacións contraídas contra a Seguridade Social.
8. Comunicación da Conselleria de Medio Ambiente, Axencia de Protección da Legalidade Urbanística con data RE 15 de xuño do 2011 RE N° 3086, en relación co oficio da Alcaldía remitido en data de 27 de maio do 2011 no que se formulaba a consulta sobre o procedemento de reposición de legalidade urbanística en solo rústico nº IU3/49/2010.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda realizar as actuacións necesarias para proceder a demolición das obras de construción de vivenda unifamiliar e ampliación de nave industrial realizadas en solo rústico para o cal se lle deberá dar traslado a oficina técnica aos efectos de que informe as condicións necesarias para que a parte afectada proceda a realizar dita demolición.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS E APERTURA PROVISIONAL.-

Visto o escrito de **Don Oscar Filgueira Feijoo en representación de Galicia Auto Estampación S.A.U.**, onde solicita Licenza de obra e apertura provisional para a fabricación de produtos metálicos laminados mediante soldeo e estampación, segundo Proxecto Básico que se presenta.

Visto o informe do Aparellador Municipal de data 25.04.2011 no que se conclúe o seguinte:

*“Informe favorablemente el **PROYECTO BÁSICO** aportado.*

El proyecto de Ejecución que se aporte, abarcará y definirá según la extensión que se pormenoriza en el ,”ANEJO I Contenido del proyecto”, Real



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Decreto 314/2006, de 17 de marzo por el que se aprueba el Código Técnico de la Edificación”.

Visto o Informe Xurídico de data 17-06-2011 no que se conclue o seguinte

“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informe técnico e dictamen de incidencia ambiental, debendo presentarse antes do inicio das obras o correspondente proxecto de execución”.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Primeiro.- Conceder licenza de obras para ampliación de nave industrial a **Don Oscar Filgueira Feijoo en representación de Galicia Auto Estampacion S.A.U.** que deberá aboar polo concepto de instalacións, construcións e obras o importe de 12.445,24 € .

Segundo.- Conceder Licenza de apertura provisional a **Don Oscar Filgueira Feijoo en representación de Galicia Auto Estampaciones S.A.U.** dunha actividade para a fabricación de produtos metálicos laminados mediante soldeo e estampación no Parque Empresarial de Ribadavia 2ª Fase, vial nº 3, San Cristóbal.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordinase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condicionase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, ou no caso concreto licenza de apertura e entrada en funcionamento, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: ampliacion nave industrial.

Contía na que se orzan as obras: 478.663,00 €

Situación e emprazamento das obras: Parque Empresarial de Ribadavia 2ª Fase, vial nº 3, San Cristóbal.

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: Dona Elena Diaz Bouza.

Nome ou razón social do promotor: Don Oscar Filgueira Feijoo en representación de Galicia Auto Estampación S.A.U.,

Prazos: O prazo de inicio das obras é de dous (2) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de apertura provisional.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 478.663,00 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras por importe 12.445,24 € a ingresar.

Importe execución material / coste da obra:	478.663,00 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	12.445,24 €
Aboado por autoliquidación:	
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	12.445,24 €

Outras condicións:

- As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente.

- Deberá terse en conta a previsión do informe técnico de data 05.01.2011, no que se establece que previo o inicio das obras se deberá completar a documentación presentando o Proxecto de Execución. E así mesmo as previsión do informe técnico en canto a ruidos de data 14.02.2011., no que se establece o seguinte:

1. *“Respecto a la ubicación de la instalación industrial en una zona definida como de sensibilidad acústica, ratificarme en lo señalado en el párrafo séptimo del informe de 23 de diciembre de 2010 RE N° 7103:*



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

“El Concello, no dispone de plano que establezca la zonificación acústica, ni de servidumbres acústicas según establece el Real Decreto 1367/2007, de 19 de octubre, por el que se desarrolla la Ley 37/2003, de 17 de noviembre, del ruido en lo referente a zonificación acústica, objetivos de calidad y emisiones acústicas (Art. 5-b)”.

2. *Respecto a la legislación aplicable respecto a ruidos, se aplicara lo señalado en el párrafo cuarto:*

“Es de aplicación lo establecido en el Plan Parcial “Condiciones higiénicas y de seguridad” punto 5, del BOP nº 48 de 28 de febrero de 2004”.

3. *Igualmente serán exigibles las disposiciones indicadas por la Consellería en el referido escrito.” (deuselle traslado desta documentación mediante escrito da Alcaldía de data 22.02.2011, que poderan solicitar si o estiman oportuno das dependencias do Concello).*

- Deberá terse en conta o dictamen de incidencia ambiental de data 04.05.2011, no que se establece o seguinte:

“Xestión de residuos perigosos:

- Habilitarse unha zona en condicións de hixiene e seguridade para almacenar os residuos perigosos xerados ata a súa entrega a xestor autorizado. Esta zona deberá atoparse a cuberto das inclemencias ambientais de modo que se evite a entrada de auga e o seu contacto cos residuos. Así mesmo evitárase a contaminación do chan polos residuos perigosos (sexan líquidos, pastosos ou sólidos enchoupados). Para isto os recipientes que conteñan os residuos deben dispoñerse sobre un chan estanco e debidamente impermeabilizado, e con sistema de recollida de lixiviados (cubetos de retención).
- Etiquetaranse e codifícaranse os residuos perigosos segundo a Orden MAM/304/2002.
- Levarase un rexistro dos residuos e arquivaranse os documentos de aceptación dos residuos, xunto cos exemplares do documento de control e seguimento da orixe e destino dos residuos, durante un tempo non inferior a cinco anos, de acordo cos artigos 16.1, 16.2 e 16.3 do RD 833/88 do 20 de xullo.
- Cumpríranse as obrigas que se derivan do disposto nos artigos 20 e 21 do RD 833/88, do 20 de xullo, sobre admisión, notificación de traslado de residuos perigosos e documentos de control e seguimento.
- Cumpríranse os prazos de almacenamento segundo o disposto no artigo 15 do RD 833/88.

Residuos de construcción:

- Xestionar os residuos xerados durante a fase de construción con empresas autorizadas. Nesta fase haberá que adoptar todas as medidas necesarias para evitar a emisión de po na atmosfera sobre todo na época estival.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Residuos asimilables a urbanos:

- Os residuos urbanos ou asimilables entregaranse á empresa adxudicataria da xestión de residuos municipais segundo as condicións fixadas nas correspondentes ordenanzas. A empresa promotora deberá dispor dun número de contenedores de capacidade suficiente para garantir a axeitada xestión dos residuos producidos. No caso de que a entidade local xustificadamente obrigue á xestión dalgún tipo de residuo asimilable a urbano, a empresa promotora deberá entregalo a un xestor autorizado para residuos sólidos urbanos.

Residuos industriais non perigosos:

- Almacenar en condicións de hixiene e seguridade (**artigo 11 da Lei 10/1998, de 21 de abril de residuos**).

- Entregar tódolos residuos a xestor autorizado (**artigo 11 da Lei 10/1998, de 21 de abril de residuos**).

Tempo de almacenamento:

- Dende que se xera o residuo, o seu tempo de almacenamento non poderá exceder de 1 ano cando o seu destino final sexa a eliminación ou de 2 anos cando o seu destino sexa a valorización”.

**APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA
2º TRIMESTRE DO 2011.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 2º trimestre do 2011, por importe de 37.765,27 euros, tarifa de depuración por importe de 7.311,35 euros, máis 3.598,10 euros de IVE, resultando un total de 48.674,72 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 2º trimestre do 2011, por importe de 17.121,67 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 12.805,93 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como período cobratorio entre o 15 de xuño de 2011 e o 26 de agosto de 2011”.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.